



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** II xornada Auditoría do sector público

**CONVOCATORIA:** II xornada Auditoría do sector público

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	5
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2019
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 10/08/2019 - 08:00h ao 10/09/2019 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Nun escenario no que a contratación do sector público é unha actividade tan relevante para a economía do noso país que representa ao redor dun 13 % do PIB, a axeitada regulación da contratación do sector público é un instrumento clave e necesario para acadar os obxectivos de eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Neste contexto, e recollendo a testemuña e o éxito da I xornada de Auditoría do sector público celebrada o ano pasado, a segunda edición pivotará sobre a experiencia e particularidades detectadas no primeiro ano de aplicación do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Ademais, abordaranse outros temas de indiscutible interese para os e as profesionais da auditoría tales como a adaptación das normas internacionais de auditoría para a súa aplicación en España (NIA-ES) ao sector público, ou o rol que debe xogar o Compliance no dito sector, como garante dos necesarios marcos de integridade institucional e códigos de bo goberno nas institucións públicas.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da comunidade autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia; colexiados/as do Colexio de Economistas da Coruña; auditores/as; profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Adaptación da NIA-ES ao sector público.
- Compliance no sector público.
- Problemática da aplicación do Real decreto 424/2017.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público.

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/matricula/>).

As persoas solicitantes que sexan persoal empregado público, agás as que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, deberán acreditar por correo electrónico dirixido a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) a súa condición de persoal empregado público na data de publicación desta convocatoria.

As persoas solicitantes que sexan colexiadas do Colexio de Economistas da Coruña ou auditores/as deberán tamén acreditarlo por correo electrónico dirixido a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal).

O prazo para a inscrición e para a remisión da antedita documentación, estará aberto desde as 08:00 h. do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata as 23:55 h. do día 1 de marzo de 2018.

Publicada a listaxe definitiva, as persoas seleccionadas que teñan que proceder ao pagamento de matrícula procederán a aboar o importe da matrícula no número de conta do Colexio de Economistas da Coruña, segundo o importe, instrucións e prazo indicados na web do Colexio de Economistas da Coruña: <http://www.economistascoruna.org/>

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** SANTIAGO

**INICIO / FIN:** 13/09/2019 a 13/09/2019

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 13 de setembro de 09:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA